

"EU♥UE: Conexión Europa 4.0", obradoiros en liña para achegar á mocidade da provincia as oportunidades da UE

Conexión en liña para coñecer os programas de mobilidade europea, compartir experiencias con voluntarios europeos, aprender a detectar bulos nas redes sociais e debater sobre o futuro de Europa...

O centro Europe Direct A Coruña, pertencente á Deputación provincial, organiza "Conexión Europa 4.0", unha acción de dinamización en liña dirixida á mocidade da provincia que xa conta coa colaboración dos concellos de Abegondo, Arzúa, Camariñas, A Coruña, Curtis, Dodro, Dumbría, Mugardos, Oroso, Pontedeume, Santa Comba e Vimianzo. "Conexión Europa 4.0" está aberta á participación mozos e mozas de 16 a 25 anos.

"EU♥UE Conexión Europa 4.0" será un espazo en liña de información e formación, onde a mocidade poderá coñecer as oportunidades de mobilidade que ten ao seu alcance na Unión Europea. Ademais de información sobre os recursos dispoñibles, coñecerán casos reais de entidades galegas que están participando activamente en proxectos de mobilidade europea, dos que a mocidade pode ser partícipe.

"EU♥UE Conexión Europa" será tamén un espazo para a participación e o debate sobre cuestións actuais da axenda europea, como as fronteiras ou a desinformación, poñendo sobre a mesa o papel que a mocidade pode representar na construción do espazo público europeo.

"EU♥UE Conexión Europa" desenvolverase do 27 ao 31 de xullo en horario de 11:00 a 12:00 e en formato integramente dixital.

Toda a información está dispoñible en www.dacoruna.gal/europedirect. Contacta con europedirect@dacoruna.gal e conéctate a Europa.